

Bosques singulares

BD Escolma de pequenas historias espaxadas de Miguel B. Núñez

O proxecto editorial de Polaquia engade un novo e interesante volume ao seu catálogo de rarezas imprescindibles. Trátase nesta ocasión do título *El corazón de los árboles* de Miguel B. Núñez, nome baixo o que se abriga unha escolma de pequenas historias dispersas ata o de agora en publicacións diversas, especialmente na revista *Nosotros somos los muertos*.

A antoloxía descóbrenos a arte deste debuxante e creador de historias breves estrañamente suxestivas, que tece un mundo cheo de poesía, caracterizado pola súa forte capacidade evocadora tanto no nivel dos guións coma no do debuxo. En ocasións, estas pequenas historias semellan introducións a outras maiores que tan só o lector poderá completar na súa imaxinación. E talvez ese é o traballo que o autor agarda del, que participe activamente neste xogo de insinuacións. Porén, debaixo desta aparente sinxeleza lúdica atópase a posibilidade de lecturas a diversos niveis, personaxes complexos cargados de simboloxía e a intención de reflexionar sobre a condición social e moral do ser humano.

As páxinas de *El corazón de los árboles* non son para nada sinxelas malia que o parezan. Nelas atopamos múltiples referencias; hai bosques silenciosos sacados da imaxinería de Brueghel que Núñez define co seu característico emprego das tonalidades agrisadas, rúas en

El corazón

de los árboles ·

Miguel B. Núñez ·

Polaquia, 2009 ·

80 páx · 12 euros



penumbra de vilas solitarias, nazis e xudeus, detectives fracasados, misterios estarrecedores... e unha inclemente intención provocadora marcada polo seu particular sentimento do humor. Por iso, en *El corazón de los árboles*, Núñez revélase como un gran creador de atmosferas singulares, de ambientes que arropan narracións ascendentes que adoitan morrer en sorprendentes finais, os cales sempre nos deixan con ganas de máis. Con esas armas e un estilo visual que persegue tamén esa aparente levidade, trata temas como a violencia, a frustración sexual, a mentira, a ambición ou as relacións de poder, empregando personaxes que se moven entre unha sorte de realismo máxico e a fantasía extrema.

É de agradecer, pois, a recuperación destas historias dispersas da man de Polaquia, que nos trae un libro necesario, editado con moito gusto e que ademais chega ben acompañado do prólogo de Paco Alcázar. Un cómic recomendable para ler con vagar e mesmo para re-ler. Unha viaxe sorprendente ao corazón dos inquietantes humanos, eses que habitan tamén máis aló do bosque de viñetas. // **M. L.**